

Boqueixón contará cun renovado centro sociocomunitario en Sergude

O Concello de Boqueixón vén de sacar a licitación o proxecto de acondicionamento do futuro centro sociocomunitario de Sergude. Esta actuación conta cun orzamento de 202.000 euros, dos cales 2.000 son aportados pola administración local e a contía restante pola Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade, virtude dun convenio de colaboración asinado por ambas as dúas entidades para desenvolver os traballos.

“A reforma do actual local social de Sergude suporá unha notable mellora na prestación de servizos e no desenvolvemento de actividades para a nosa veciñanza”, indica o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín. O rexedor estima que os traballos comezarán antes de finais deste ano, polo que “en 2019 contaremos cun centro sociocomunitario mellor



O edificio do actual local social de Sergude someterase a unha completa reforma

equipado e adaptado ás necesidades dos veciños e veciñas do municipio”.

A actuación contempla arranxos tanto na planta baixa coma no semisoto. No primeiro caso, levaranse a cabo obras para facer as instalacións totalmente accesibles. Así, procederase a unha nova distribución do aseo, ao tempo que se substituirán todas as portas

existentes na planta para que teñan unha anchura libre de paso maior de 80 centímetros. Do mesmo xeito, no semisoto acondicionarase unha nova zona de aseos adaptados, tanto masculino como feminino.

Por outra banda, o proxecto contempla medidas de mellora das condicións acústicas e térmicas do local coa substitución do

falso teito por un novo con aillamento e tamén a reposición das ventás por outras de dobre acristalamento e con rotura de ponte térmica. Ademais, realizarase unha nova instalación de climatización tanto nesta planta coma no semisoto.

Co fin de crear unhas instalacións multidisciplinares, habilitaranse en ambas as dúas plantas paneis móbiles direccionais. Deste xeito, poderanse crear espazos independentes con superficies distintas e adaptadas a distinto tipo de actividades, que se poderán desenvolver ao mesmo tempo. Finalmente, realizaranse traballos de pintado das paredes de todo o interior do inmoble.

No acceso principal da edificación, crearase un espazo exterior cuberto, realizado con estrutura cunha cuberta de vidro laminado de seguridade, para mellorar a accesibilidade ao centro sociocomunitario.

Máis de 400 persoas participaron na Noite Velada en Ledesma

Máis de catrocentas persoas participaron nunha nova edición da Noite Velada, organizada polo Concello de Boqueixón en Ponte Ledesma. A histórica ponte iluminouse con máis de 300 candeas e fachos envolvendo á área

do Campo do Río dun máximo ambiente.

A Noite Velada contou coas actuacións de Son de Gaita, Muxicas da Silveira e Pelepau. Ademais, degustouse queimada de balde para todos, con conxuro incluído.



Un intre da Noite Velada celebrada no Campo do Río de Ponte Ledesma



As actividades de voluntariado centráronse na limpeza da Ponte Ledesma e en accións formativas e divulgativas

Boqueixón acolleu un campo de traballo con 25 mozos e mozas

Un total de 25 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos participaron na primeira quincena de agosto no campo de traballo internacional organizado polo Concello de Boqueixón. Máis concretamente, os mozos e mozas deste campo de traballo procedían de países coma México, Italia, Francia e Serbia. Dentro do territorio español, a iniciativa xuvenil contou con mocidade de Asturias, Las Palmas, Madrid, Castellón, Cantabria, Valladolid, Biscaia, Áraha, Logroño e Guipúscoa e tamén da propia comunidade autónoma.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Muñín, e mais o delegado territorial da Xunta, Ovidio Rodeiro Tato, mantiveron un encontro co grupo para coñecer a súa experiencia.

Durante estas case dúas semanas nas que tivo lugar o campo de traballo, os mozos e mozas realizaron



A mocidade do campo de traballo sumouse a unha viaxe pola Costa da Morte

tarefas de conservación e posta en valor da Ponte Ledesma. Entre elas, atopouse a limpeza de herbas na súa estrutura.

Ademais, elaboráronse sinais de madeira para proxectar o nome de cada unha das Ínsuas de Gres á súa entrada e tamén outra con información sobre a batalla de Ponte Ledesma. Outro dos obxectivos deste campo de traballo foi a

creación de diversos materiais didácticos de divulgativos para difundir entre a poboación do municipio e da contorna.

Todas estas actividades combináronse con variadas propostas de lecer. Entre elas, unha excursión pola Costa da Morte, na que os mozos e mozas do campo de traballo se sumaron aos máis de 50 participantes na actividade.

O Concello organiza un obradoiro e unha xornada formativa de cooperativismo

O Departamento de Formación e Emprego do Concello de Boqueixón organiza para o mes de setembro dúas accións sobre cooperativismo. Ambas as dúas actividades están subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, e as datas para a súa realización concretarase en breve.

A xornada informativa sobre cooperativismo constará de 3 horas, mentres que o obradoiro para a creación de cooperativas terá un total de 25 horas lectivas. Ambas accións teñen como obxectivo que as persoas participantes adquiran unha visión xeral do proceso de creación dunha cooperativa e pretenden que os asistentes rematen cunha idea clara do camiño que se percorre dende o nacemento dunha idea emprendedora ata o inicio da actividade.

Tanto a xornada informativa como o obradoiro para a creación de cooperativas deberán contar con un mínimo de 10 persoas inscritas para a súa realización.

As persoas que estean interesadas en participar nalguna das actividades poderán achegarse ata o Concello co DNI ou chamar ao teléfono 981 513 061 (Departamento de Formación e Emprego).

CURSO 2018-2019

ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS BQXN

Inscripcións

• Realizaranse ata o día 21 de setembro no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com).

• Requírese un grupo mínimo de participantes para o inicio das actividades.

• Prazas limitadas segundo actividade. Preferencia de empadroados/as e alumnado dos centros educativos do concello.

Duración

• De outubro de 2018 a xuño de 2019 (agás patinaxe e judo, que rematan en maio).

• Días de actividade, segundo calendario escolar.

Pagamento

• Realízase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

• En caso de devolución do recibo, os gastos bancarios correrán por conta do titular.

• Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Descontos

• 2º fillo: 25%; 3º fillo: 50%; 4º fillo e sucesivos, de balde na mesma actividade.

• 2ª actividade: 25%; 3ª actividade: 50%; Sucesivas: gratis.

(Entenderase por 1ª actividade a de maior importe).

Baixas

• Deberán presentarse por escrito no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com) antes do día 20 do mes anterior.

* O Concello resérvase o dereito de efectuar modificacións de lugares, horarios, profesores ou anulación de grupos (de non existir grupo mínimo).

ACTIVIDADE	PARTICIPANTES	LUGAR	HORARIO	CUSTO
Teatro	Primaria e Secundaria	CPI Antonio Orza Couto	Venres: 15.30-17.00 h.	10 €/mes
Pintura	Primaria e Secundaria	CPI Antonio Orza Couto	Venres: 15.30-17.00h.	10 €/mes (non inclúe material)
Inglés I	Infantil, Primaria y Secundaria	CPI Antonio Orza Couto	(Consultar horarios)	25 €/mes
Inglés II	Adultos	CPI Antonio Orza Couto	(Consultar horarios)	40 €/mes <i>Estudantes e parados: 30 €/mes</i>
Patinaxe	Infantil e Primaria	Pavillón de Lestedo	Venres: 17.00-18.00 h	10 €/mes
Judo	Infantil e Primaria	CPI Antonio Orza Couto	Martes e xoves: 16.15-17.15h	15 €/mes
Ocioteca	Infantil e Primaria	Casa Cultura Camporrapado	Venres: 16.00-20.00h	15 €/mes
Madrugadores	Infantil e Primaria	CPI Antonio Orza Couto	De luns a venres: 8.00-10.00 h	A concretar
Apoio educativo	Infantil e Primaria	CPI Antonio Orza Couto	Martes e xoves: 16.15-18.15h	25 €/mes
Xadrez	Primaria e Secundaria	CPI Antonio Orza Couto	Mércores: 17.30-18.30h	10 €/mes

MADRUGADORES

Novo servizo de conciliación da vida laboral e familiar, dirixido a escolares de Infantil e Primaria.

Custo, a concretar segundo grupo e horas.

Máis información e inscricións no Departamento de Educación (981 513 115).

APOIO EDUCATIVO

Programa dirixido ao alumnado de educación infantil e primaria cun rendemento escolar insuficiente e insatisfactorio, que precisen recibir unha axuda pedagóxica extraordinaria co fin de reforzalos na adquisición e automatización de técnicas instrumentais da aprendizaxe como lectura, escritura e cálculo.

Coordina: Ruth Gómez (Mestra de Educación Especial e Doutora en Pedagogía Terapéutica)

Máis información e inscricións no Departamento de Servizos Sociais (981513106)

